
BASES LEGAIS DE PARTICIPACIÓN

Concurso de fotografía “O futuro é de madeira”

1.- ENTIDADE ORGANIZADORA DO CONCURSO

A Asociación Galega Promotora da certificación forestal - PEFC GALICIA, con domicilio en Rúa Lope Gómez de Marzoa, edificio FEUGA s/n, oficina 2-3, 15705 Santiago de Compostela, con enderezo electrónico galicia@pefc.es e teléfono 981523736 pon en marcha un Concurso de Fotografía denominado “O futuro é de madeira” (en adiante o Concurso) incentivando a participación co fin de promover a Xestión Forestal Sostible e certificada dos montes e resaltar a importancia da industria forestal que a través da súa Cadea de Custodia PEFC permítenos coñecer a orixe dos produtos forestais.

A xestión do Concurso realizaraa PEFC Galicia en colaboración con PIC NIC. IDEAS FELICES, S.L., con domicilio en R/ Durán Loriga 8 – 1º 15003 A Coruña e con enderezo electrónico picnic@thepicnic.es, mediante acordo por escrito e asinado por ambas as dúas partes.

2.-DATAS DE INICIO E FINALIZACIÓN

O prazo de recepción de fotografías comeza ás 00.01 horas do 1 de agosto do 2023 e finalizará o 1 de outubro do 2023 ás 23.59 horas. Os gañadores anunciaranse o 20 de outubro do 2023.

3.- REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN E MECÁNICA DO CONCURSO

3.1. Sobre o concurso

3.1.1. O concurso está aberto a todos aqueles interesados, desde fotógrafos profesionais, afeccionados, ata quen goza da natureza, o monte e dos seus produtos.

3.1.2. O ámbito das fotografías é Galicia.

3.1.3. Non poderán participar neste concurso menores de 18 anos.

3.1.4. O obxectivo do concurso é dar a coñecer a **importancia de xestionar os montes de forma sostible, englobando os aspectos sociais, ambientais e económicos, da súa conservación e do seu aproveitamento, das**

persoas que viven, traballan e gozan deles, os traballos que se realizan, a cadea de subministración de materia prima nunha industria forestal moderna, innovadora e responsable, os procesos de transformación, os produtos con base forestal que empregamos no día a día, a multitude de usos da madeira...

Podes participar cunha ampla variedade de imaxes: árbores, madeira, traballos no monte, plantación, corta, desramado, toros, transporte, proceso transformación, mecanizado, innovación, produtos finais de madeira ou derivados, construción, envase, embalaxe, biomasa, certificación forestal PEFC, aproveitamentos complementarios dos montes como a resina, a muller no sector forestal ou calquera outra imaxe relativa á madeira e cadea forestal.

3.1.5. A participación é gratuíta. Concurso cofinanciado por Axencia Galega da Industria Forestal.

3.1.6. Os datos que aporten os/as participantes deben ser veraces.

3.2. Bases de participación

3.2.1. Os participantes só poderán presentar as súas fotografías a través da páxina: <https://pr.easypromosapp.com/p/958645>

3.2.2. Os participantes poderán enviar ata 5 imaxes. Se se considerase que algún participante superou esta restrición ao utilizar distintas contas ou por calquera outro medio, PEFC Galicia poderá denegar a súa participación no concurso.

3.2.3. As fotografías deben presentarse en formato dixital.

3.2.4. Recoméndase que o tamaño do arquivo da imaxe non supere os 10 MB (jpg) e que teña polo menos 3000px no lado máis longo a 300ppp.

3.2.5. As fotografías non deberán incluír marcas de auga ou firmas sobre a imaxe .

3.2.6. Acéptanse imaxes en branco e negro.

3.2.7. Toda a información e as bases do concurso en: www.pefcgalicia.org.

3.2.8. As presentes bases legais de participación están depositadas ante notario.

3.3. Concursantes

3.3.1. O concurso está aberto a tod@s os amantes do monte galego e dos produtos con base forestal.

3.3.2. O participante debe ser o creador da obra orixinal e titular dos dereitos de autor.

3.3.3. Non se poderá ceder nin dispoñer ningún dereito sobre as fotografías que puidese constituír un conflito co concurso.

3.3.4. É responsabilidade do participante asegurarse de que se obteñan todos os permisos necesarios de calquera persoa que apareza na fotografía.

3.3.5. Os participantes no concurso poden facer uso das redes sociais para difundir o Concurso e incentivar participación.

3.3.6. Ao inscribirse no concurso, os participantes aceptan estar suxeitos a estas bases e regras. Calquera incumprimento das bases por un participante supoñerá a anulación da súa participación.

3.4. Ética

3.4.1. Os participantes poderán realizar axustes dixitais que manteñan a integridade da imaxe.

3.4.2. Non se permite realizar cambios físicos á imaxe. Por exemplo, non se pode engadir ou eliminar plantas, obxectos, animais, persoas, paisaxes ou calquera parte de animais, plantas, persoas ou paisaxes.

3.4.3. Os axustes dixitais aceptables inclúen escurecer e aclarar, cambios de ton e contraste e recortes, así como técnicas HDR, fotos panorámicas ou “focus stacking”.

3.4.4. Se se considera que non segue as restricións respecto á manipulación dixital, PEFC Galicia resérvase o dereito de descalificar calquera imaxe que crea que carece de autenticidade.

3.4.5. Unha imaxe será rexeitada se parece que foi tomada de forma que a lei de fauna silvestre ou os requisitos de benestar animal foron violados, as especies ou hábitats protexidos foron comprometidos, ou a imaxe tomouse de calquera outra maneira considerada irresponsable.

4. XURADO

4.1. Os gañadores serán seleccionados por un xurado formado por 4 persoas, membros de PEFC Galicia, da Axencia Galega da Industria Forestal, Profesorado do Ciclo Superior de Fotografía da Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo e o fotógrafo profesional Rubén Vilanova.

4.2. O xurado resérvase o dereito de non emitir ningún premio se, na súa opinión, ningunha das fotografías alcanza o nivel de calidade previsto.

4.3. O fallo do xurado é definitivo e non se poderá entrar en ningún tipo de comunicación con el.

5.- PREMIOS

PRIMEIRO PREMIO: Aloxamento de 2 noites para 2 persoas nas Cabaniñas do Bosque, situadas en Outes (A Coruña).

www.cabanitasdelbosque.com

Por cortesía de DOARTESANATO, obterás un bono con validez de 1 ano para gozar dun aloxamento singular e pioneiro en Galicia. As Cabaniñas do Bosque, son cabanas de madeira completamente equipadas e construídas sobre a copa dunha árbore, de gran calidade arquitectónica, ecolóxicos e moi respectuosos coa paisaxe e o territorio onde se sitúan.

En 2020, Premios de Excelencia á Innovación para Mulleres Rurais; Primeiro premio: "Excelencia á innovación en diversificación da actividade económica no medio rural ou zonas costeiras rurais", outorgado polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Premio nacional de Arquitectura 2020 outorgado polo Consello Superior dos Colexios de Arquitectos de España.

**Poderase gozar a reserva previa confirmación de dispoñibilidade e fóra de datas de tempada alta.*

SEGUNDO PREMIO: Conxunto de utensilios de cociña elaborados en madeira e acompañados do libro “*El bosque en tu paladar. Sabores de bosques sostenibles*” co asesoramento gastronómico da Chef Charo Val e editado por PEFC España. *Por cortesía de ADERA (Severiano Artesanía).*

TERCEIRO PREMIO: Soporte para móvil con lapiseiro, e USB con capacidade de 32GB elaborados con madeira certificada PEFC.

PREMIO ESPECIAL CADEA MONTE-INDUSTRIA: Multiaventura en Galipark. Media xornada para dúas persoas nun parque de aventura con máis de 24.000m², con circuítos en altura, tirolinas, tiro con arco, e moitas máis. Un novo concepto de aventura que aproveita e respecta ao máximo os recursos naturais. Combina equilibrio, enxeño, forza, destreza e autocontrol nunha experiencia inesquecible.

Este premio especial é específico para aquelas fotografías que representen os traballos que se executan nos montes e os seus procesos de transformación ao longo da cadea monte-industria para obter un produto final natural, renovable, reciclable e biodegradable. Só este tipo de fotografías poderán acceder ao premio especial, sen menoscabar o dereito de acceder a calquera dos outros premios.

6.- LIMITACIÓNS

6.1. Non poderán participar no Concurso as persoas que interveñen na organización do concurso, incluíndo os empregados de PEFC Galicia e os membros do xurado.

6.2. De evidenciarse que calquera dos participantes non cumpre os requirimentos esixidos nestas Bases, os datos proporcionados para participar non son válidos, a súa participación considerarase nula e quedarán automaticamente excluídos do Concurso, perdendo todo dereito sobre os premios outorgados en virtude deste Concurso.

6.3. Os premios entregados non son transferibles nin susceptibles de cambios, alteracións ou compensación a petición dos Participantes, non podendo ser trocado por calquera outro produto ou diñeiro. PEFC Galicia, resérvase o dereito, no caso de obrigada necesidade, de substituír a totalidade ou parte de calquera premio por un alternativo de igual valor monetario.

6.4. PEFC Galicia resérvase o dereito, se concorre xusta causa previa comunicación en forma legal, de efectuar calquera cambio, suspender ou ampliar o Concurso.

6.5. Correrán a conta e cargo da persoa gañadora calquera carga fiscal ou tributaria que a aceptación do premio puidera suporlle, así como calquera outro gasto derivado da promoción que non estea expresamente asumido por PEFC Galicia.

6.6. Establécese un prazo de 7 días hábiles desde a data da concesión do premio, para efectuar calquera reclamación motivada.

6.7. Os premios serán reclamados no prazo de 1 mes desde o anuncio dos gañadores, ou darase por renunciado.

6.8. Se se produciu unha violación destas bases que non se descubre ata despois da adxudicación dun premio, os organizadores poderán esixir a devolución do premio.

7.- PUBLICACIÓN DE COMENTARIOS OU OPINIÓNS

Non se permitirán comentarios ou opinións cuxo contido se considere desaxeitado, que sexan ofensivos, inxuriosos ou discriminatorios ou que puidesen vulnerar dereitos de terceiros. Tampouco se permitirán comentarios contra un particular que vulneren os principios de dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e a propia imaxe. Non nos responsabilizaremos dos danos ocasionados polos comentarios que fagan os participantes do Concurso, e que en calquera momento puidesen ferir a sensibilidade doutros participantes.

8.- EXONERACIÓN DE RESPONSABILIDADE

A título enunciativo, pero non limitativo, PEFC Galicia non se responsabilizan das posibles perdas, roubos, atrasos ou calquera outra circunstancia imputable a terceiros que poidan afectar ao desenvolvemento do presente Concurso, así como tampouco se responsabiliza do uso que faga o participante ao respecto do premio que obteña deste Concurso, e non asume responsabilidade algunha por ningún dano ou prexuízo de calquera tipo que puideran sufrir os participantes, gañadores ou terceiros.

PEFC Galicia no asume a responsabilidade en casos de forza maior ou caso fortuíto que puideran impedir a realización do Concurso ou do goce total ou parcial do premio. No caso de que este Concurso non puidese realizarse, ben por fraudes detectados na mesma, erros técnicos, ou calquera outro motivo que non estea baixo o control do PEFC Galicia e que afecte ao normal desenvolvemento do Concurso, PEFC Galicia resérvase o dereito a cancelar, modificar ou suspender o mesmo, incluíndo a páxina web de participación.

9. DEREITOS DE AUTOR E USO

9.1. Os participantes seguen sendo titulares dos dereitos de autor das imaxes que presenten ao concurso.

9.2. Ao inscribirse no concurso, os participantes conceden a PEFC Galicia unha licenza non exclusiva, libre de regalías e perpetua para reproducir, publicar e comunicar ao público por calquera medio e para exhibir a súa imaxe ou imaxes e copias da súa imaxe ou imaxes en calquera medio de comunicación de todo o mundo relacionado coa organización, incluíndo: a súa inclusión na web de PEFC Galicia, redes sociais, exposicións, feiras, revistas e demais publicacións. A súa inclusión en materiais promocionais, de prensa e de márketing (como artigos de prensa e folletos) asociados con PEFC.

9.3. Calquera fotografía utilizada por PEFC Galicia, sempre que sexa posible, irá provista dunha liña de créditos (por exemplo, o nome do fotógrafo). Non poderá reclamarse como incumprimento o non poñer devandito crédito, aínda que PEFC Galicia fará esforzos por corrixir a devandita omisión.

9.4. PEFC Galicia resérvase o dereito de recortar as imaxes se fose necesario.

9.5. Os participantes poderán ser contactados para negociar o uso da imaxe en elementos de merchandising con licenza (por exemplo, posters, láminas).

9.6. O participante será responsable ante calquera reclamación realizada por un terceiro en relación á imaxe presentada.

9.7. As fotografías serán utilizadas por PEFC Galicia co obxectivo de promover o seu labor a favor dos montes e sen fins lucrativos.

9.8. Ao ser un concurso cofinanciado pola Axencia Galega da Industria Forestal, no caso de que a Axencia precisase facer uso dalgunha fotografía, poñerase en contacto co seu autor para solicitar o seu consentimento, e farase responsable do seu debido uso.

10.- PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

De acordo co disposto no Regulamento Xeral (UE) 2016/679 de Protección de Datos e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que os datos facilitados ao longo do concurso incorporaranse ás Actividades de Tratamento titularidade de ASOCIACIÓN GALEGA PROMOTORA DÁ CERTIFICACIÓN FORESTAL con CIF número G 15.924.699 e domicilio social en Rúa Lope Gómez de Marzoa, Edificio FEUGA, Ofic 2-3, 15.705, Santiago de Compostela (A Coruña). Así mesmo, informámoslle que tan só se recollerán datos estritamente necesarios para a participación no devandito concurso.

A asociación comunícalle que os seus datos serán utilizados co obxecto de realizarlle comunicacións sobre futuros concursos realizados pola mesma.

ASOCIACIÓN GALEGA PROMOTORA DA CERTIFICACIÓN FORESTAL garante a seguridade e confidencialidade dos datos facilitados. Deste xeito, comprométese ao cumprimento da súa obriga de secreto dos datos de carácter persoal e do seu deber de gardalos e adoptar todas as medidas necesarias para evitar a súa alteración, perda, tratamento ou uso non autorizado. Por tanto, toda a información sobre os nosos participantes non será utilizada con propósitos comerciais alleos á actividade da asociación nin serán cedidos a terceiros, salvo as excepcións establecidas pola Lei, e tan só serán cedidos a PIC NIC. IDEAS FELICES, S.L. como encargado do tratamento do concurso, e a aquelas excepcións establecidas pola Lei.

Pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade en calquera momento, mediante escrito, acompañado de copia de documento oficial que lle identifique dirixido á dirección



arriba indicada, ou ao correo electrónico galicia@pefc.es. Así mesmo, e de igual maneira, pode revogar o consentimento prestado á recepción de comunicacións sobre futuros concursos de conformidade co disposto na Lei 34/2002.

Pode consultar información adicional e detallada sobre Protección de Datos na nosa Política de Privacidade do sitio web www.pefcgalicia.org

ASOCIACIÓN GALEGA PROMOTORA DA CERTIFICACIÓN FORESTAL informa que os datos persoais solicitados para o concurso, cando deixasen de ser necesarios ou pertinentes para a finalidade para a cal foron recollidos, serán cancelados conforme establece a Normativa Vixente.

11.- LEXISLACIÓN APLICABLE E XURISDICCIÓN

Estas bases legais rexeranse de conformidade á lei española. Serán competentes para resolver calquera reclamación ou controversia que puidese propor en relación coa validez, interpretación ou cumprimento destas bases os Xulgados e Tribunais da cidade de Santiago de Compostela.

ORGANIZA

PEFC
GALICIA

COFINANCIADO POR: Axencia Galega da Industria Forestal



O apoio da Axencia Galega da Industria Forestal para a elaboración desta publicación non implica a aceptación dos seus contidos, que serán responsabilidade exclusiva dos seus autores. Por tanto, a Axencia Galega da Industria Forestal non é responsable do uso que poida facerse da información aquí difundida.